



As canles e baixantes protexen os transeúntes e as fachadas e deben estar correctamente colocadas e mantidas; as canles deben estar ben niveladas e a súa forma non é casual.

As canles e as baixantes

58. Como se recollía a choiva?

Ata a aparición de normas municipais que prohibiron o vertido da auga cara a rúa, a auga da choiva non se recollía e caía directamente desde o aleiro do tellado ao chan. Cando o tellado vertía sobre o edificio contiguo, existía unha canle de pedra no encontro con este, rematado no seu extremo por unha gárgola, que evacuaba a auga cara á rúa. Paseando pola rúas, aínda se poden ver en moitos edificios.

59. Como se fai agora?

As normas de convivencia esixen recoller a auga da choiva para non molestar os viandantes. Tamén hai que protexer o edificio da caída incontrolada da auga. Aparecen así as canles, colocadas no aleiro do tellado, e as baixantes, que conducen a auga desde a canle ata o chan. Xa aquí, a baixante debe desembo-car nunha arqueta, desde onde se conduce a auga ata o rede de sumidoiros.

60. Que materiais se deben empregar?

Por razóns de durabilidade e sustentabilidade, é mellor utilizar o zinc que os plásticos ou o aluminio. As canles funcionan mellor se teñen forma semicilíndrica en vez de imitar molduras ou cornixas de remate dos aleiros, e deben ter a forma xusta para evitar que a auga desborde de xeito incontrolado, mollando a parede do noso edificio. A baixante funciona mellor tamén se ten forma cilíndrica, e debe estar ben suxeita ao muro mediante abrazadeiras do mesmo material para non producir efectos de corrosión. Na súa parte inferior a baixante débese protexer dos golpes cun cubrecano realizado en ferro fundido ou aceiro pintado.